

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES RECIBIDAS NO PRAZO DO 19/09/2025 AO 18/10/2025 DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NO CURSO 2025-2026.

ANTECEDENTES:

En cumprimento do establecido no Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal do Concello de Vimianzo e reunidos os membros da mesa da Comisión de Baremación, Coordinación e Seguimento ás 14:00 horas do día 28 de outubro de 2025, no despacho da alcaldía do concello, para proceder coa baremación das solicitudes recibidas no prazo do 19/09/2025 ao 18/10/2025.

Unha vez baremadas as solicitudes e modificacións, asinase a acta con data do 30 de outubro quedando tal como a continuación se detalla.

RESULTADOS DA COMISIÓN DE BAREMACIÓN, COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DE SOLICITUDES RECIBIDAS NO PRAZO (19/09/25 AO 18/10/25) PARA O CURSO 2025/2026

1. Listaxe por grupos de atención:

GRUPO 0-1 ANOS (NENAS/OS NADAS/OS NO 2025)								
DNI/NIE SOLICITANTE	TARIFA	ATENCIÓN EDUCATIVA (Bonificado pola Xunta)		COMEDOR	TRANSPORTE	Achega CONCELLO	Achega SOLICITANTE	Observacións
**326525P	4	COMPLETA 08:00-15:45	69,81 €	---	---	466,69 €	0 €	Listaxe de agarda Puntos: 13,5

GRUPO 2-3 ANOS (NENAS/OS NADAS/OS NO 2023)								
DNI/NIE SOLICITANTE	TARIFA	ATENCIÓN EDUCATIVA (Bonificado pola Xunta)		COMEDOR	TRANSPORTE	Achega CONCELLO	Achega SOLICITANTE	Observacións
**842178K	4	COMPLETA 08:30-15:45	69,81 €	26,45 €	---	440,24 €	26,45 €	Modificacións (non foi preciso baremar)

Tense en conta o Regulamento de réxime interior da escola infantil municipal de Vimianzo “Os Vimianziños”, publicado no BOP núm. 33, de data 18 de febreiro de 2025.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Visto canto antecede, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe baremada das solicitudes presentadas as prazas da escola infantil municipal deste Concello, para o curso 2025-2026, así como o custo do servizo.

SEGUNDO.- Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro de anuncios da Escola Infantil Municipal e na páxina web do Concello de Vimianzo. As /os solicitantes que dispoñan de praza, disporán dun prazo de 15 días naturais para matricularse, computados a partir do día seguinte á publicación desta listaxe.



TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución á empresa concesionaria, GRUPO REACTEDA, S.L, aos efectos da súa publicación no taboleiro de anuncios.

CUARTO.- Dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na próxima sesión que teña lugar. Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario dou fe.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(Documento asinado dixitalmente)

O Secretario

Francisco Javier Novoa Juiz